

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRES DE XULLO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día tres de xullo de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de xuño do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 1.025/07 de don Tomás Pereiras Gómez**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago, solicita licenza para a construción dun muro de pedra de aproximadamente 67 mts de lonxitude no lugar de Pousada de Arriba, en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima dende o eixe do vial será de 5 mts; garantirase o natural discorrer das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será da zona. Ademais a altura

máxima total do valo estará constituído por unha banda opaca dun máximo de 1,50 mts de altura, podendo acadar os 1,80 mts a base de tea metálica ou vexetación.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e seis euros con trinta e cinco céntimos (#46,35#).

## 2.2.- Instancia num. 1.216/07 da Comunidade de Veciños O Souto

Dáse conta da citada instancia na que don Martín Carreira Nodar como representante da Comunidade de Veciños O Souto de San Cristovo de Merín, solicita licenza para a colocación de tres postes de formigón para alumeadado público e a exención das taxas e impostos municipais correspondentes.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo levar a cabo as obras sen que interrompan o natural discorrer das augas, situando os postes na cara exterior da gábea.

Asimesmo acorda concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes ó tratarse dunha obra comunitaria de interese social.

## 3º.- Licenza de actividades clasificadas para a instalación de taller en Viño grande -San Andrés de Illobre

Examinado o expediente promovido por don Jorge Barros Mosteiro en representación de GAS VEDRA, S.L., en virtude de instancia núm. 1126 de data 11 de xullo de 2007, solicitando licenza municipal para a instalación de TALLER DE CAMBIO DE ACEITE, ENGRASE E NEUMÁTICOS no lugar de Viño grande da parroquia de Illobre, deste termo, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Real Decreto 2414/1961 de 30 de novembro.

Resultando: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 13 de xullo de 2006.

Resultando: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos e incorporando os informes dos Técnicos congruentes coa natureza da actividade.

Considerando: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e a súa adecuación ó medio ambiente.

Considerando: Que o emprazamento proposto, non está en contradicción co disposto en acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respéctanse as distancias previas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Considerando: Que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.

Vistos o Decreto 2414/1961 de 30 de novembro e demais Disposicións concordantes de aplicación,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza municipal instada por don Jorge Barros Mosteiro en representación de GAS VEDRA, S.L. para instalación de TALLER DE CAMBIO DE ACEITE, ENGRASE E NEUMÁTICOS no lugar de Viño grande da parroquia de Illobre, deste termo, porque no expediente observáronse cantas prescricións establece o citado Regulamento e Disposicións complementarias.

2º.- Dar traslado do expediente completo ó Servicio de Calidade Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, ós efectos previstos no art. 33 do referido Regulamento.

#### 4º.- Factura varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Xornadas de traballo de don Miguel A. Otero Fragoso, no mes de xuño. Importe 250,00 euros.

Quilometraxe do concelleiro don Miguel A. Otero Fragoso, no mes de xuño. Importe 17,64 euros.

Quilometraxe e parking do concelleiro don Eloy J. Iglesias López no mes de xuño. Importe 92,95 euros.

Quilometraxe e asistencias de dona Sonia Gamás Villanueva polo curso impartido na FEGAMP sobre Xestión de Nóminas e Seguridade Social, no mes de xuño. Importe 167,15 euros.


Horas extras de dona Josefina López Carballo, ATD do concello, durante o mes de xuño. Importe 219,49 euros.

Quilometraxe do traballador don Iván García García por xestión varias nos meses de abril, maio e xuño. Importe 112,69 euros

Quilometraxe e asistencias a cursos da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de xuño. Importe 248,64 euros

Quilometraxe da monitora dona Lucía Sevio dos meses de maio e xuño. Importe 21,00 euros

Quilometraxe da monitora dona Sonia Carbia Cutrín dos meses de febreiro, marzo e abril. Importe 25,20 euros



Axudas de curso e quilometraxe de dona María Dolores Monteagudo Sintas por desprazamentos á Casa da Terceira Idade para impartir un taller de memoria. Importe 673,20 euros

Quilometraxe da apareladora dona Clara Lema de febreiro a maio. Importe 49,98 euros

Gastos de odontoloxía de don Carlos J. Sanmartin, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%): Importe 150,00 euros

Indemnizacións por asistencias dos seguintes sres/as ás mesas se contratación das prazas incluídas no Plan de Cooperación:

D. José Manuel Uzal Castro.....	73,44 euros
D. Antonio Ggao Iglesias.....	36,72 euros
D. Rogelio Lareo Mougán.....	36,72 euros
D <sup>a</sup> . Cruz Vilas Giadanes.....	146,88 euros
D <sup>a</sup> . Vanessa Crespo Souto.....	146,88 euros
D. Carlos J. Méndez -Losada Abalo.....	159,14 euros

Factura núm. 20/2007 de don José Fermín González Blanco por honorarios correspondentes á asistencia técnica do mes de maio, como arquitecto do Concello de Vedra segundo contrato. Importe 1.482,45 euros.

Factura núm. VD07/06 de Ana Naya García, S.L. polo servizo de gardería na escola infantil municipal no mes de xuño. Importe 4.764,50 euros.


Factura núm. 78 de Ofelia Sánchez Romay, Casa Paz, por aloxamento dos grupos que actuaron no VEREA ROCK no mes de xuño. Importe 219,35 euros.

Recibo de Pilar Martínez Pereiras, parrillada-pulpería LAS NIEVES, por comidas con motivo do campionato galego de futbol sala feminino. Importe 300,00 euros.

Factura núm. ST/004618 de VSM Sistemas Coruña, SA por toner para as oficinas. Importe 222,69 euros.

Facturas núm. 70/07 e 71/07 da Agrupación de deportistas veteranos de Santiago polo arbitraje da copa de futbol sala. Importe 675,00 euros.

Factura núm. 6260890 de NRG Group Spain, SA, polas copias da fotocopiadora da Axencia de Lectura de Santa Cruz do 01/03 ao 31/05/07. Importe 5,58 euros.



Factura núm. 6256981 de NRG Group Spain, SA, polas copias da fotocopiadora de servizos sociais do 01/03 ao 31/05/07. Importe 68,32 euros.

Factura num. 19 de Patricia Deber Muíños no mes de xuño. Importe 1.386,53 euros

Factura num. 21 de Antonio Gago Iglesia do mes de xuño. Importe 1.283,74 euros

Factura num. 21 de Miguel A. Camino Bouzón do mes de xuño. Importe 2.259,68 euros

Factura num. 123 de José Manuel Segade Martínez por obras no tellado de Vilanova. Importe 5.191,00 euros

Factura num. D/9 de José María Freiría Suárez do mes de xuño. Importe 3.140,86 euros

Factura num. 1441 de Lupe G. Cabal por curso de manualidade en xuño. Importe 500,00 euros

Factura num. 4/07 de M<sup>a</sup>. Del Carmen Souto Fraga por rehabilitación fisioterapéutica da terceira idade en xuño. Importe 960,48 euros

Facturas nums. 15107-1 ,15114-1 e 15300-1 de Aula 25 por materiais para a ludoteca municipal. Importe 138,44 euros

Factura num. B/149626 de Dinahosting, S.L por renovación de hosting concellodevedra.com. Importe 138,74 euros

Recibos de Genaro Barreiro Canicoba por traballos feitos co seu tractor para vaciar as arquetas de Laraño en xuño. Importe 180,00 euros.

Recibo por carga do teléfono móbil da escola unitaria de San Miguel. Importe 30,00 euros.

Recibo núm. 24066 de Editorial Compostela por suscripción ao xornal El Correo Gallego no mes de xuño. Importe 33,00 euros.

Recibo por cargo do teléfono móbil da monitora deportiva. Importe 20,00 euros.

Gastos varios para a ludoteca no mes de xuño. Importe 164,79 euros.

Recibos varios por gastos do servizo de fisoterapeuta na casa da 3<sup>a</sup> idade nos meses abril e maio e outros .Importe 6,50 euros.

Recibo de centro comercial compostela por consumibles para as impresoras das oficinas e outros . Importe 20, 73 euros.

Factura núm.J94105952 de Jazz Telecom, SAU (Jazztel) pola linea de ADSL no mes de maio. Importe 62, 84 euros.

Recibos dos gastos varios para a sardiñada realizada na casa da 3ª idade no mes de xuño. Importe 314,10 euros.

Recibo polo seguro de voluntarios de Protección Civil no mes de xuño. Importe 216,00 euros.

Factura núm. 2007159 de Electricidad Cruceiro, SL polo mantemento dos alumeados públicos no mes de maio. Importe 2.164, 65 euros.

Facturas núm. 8256/A e 0.473.641 de Campos & Costas, SL , MRW, por envíos a través de mensaxería no mes de maio. Importe 28, 89 euros.

Facturas de Telefonica de España, SA por telefonía das dependencias municipais no mes de maio. Importe 796, 96 euros.

Resto da factura núm. 000406 de Puente Ulla, SL do mes de maio. Importe 5,03 euros.

Recibos de Unión Fenosa Distribución, SA por consumo eléctrico nos centros de saúde e no polideportivo no mes de maio. Importe 968, 55 euros.

Recibos de Unión Fenosa Distribución, SA por consumo eléctrico no centro de saúde de Vedra e na EDAR de Ponte Ulla nos meses de abril e maio. Importe 1542,88 euros.


Recibos de Unión Fenosa Distribución, SA por consumo eléctrico dos alumeados públicos nos meses de marzo e abril. Importe 291, 83 euros.

Facturas de Puente Ulla, S.L por carburantes no mes de maio. Importe 1.965,35 euros

Factura núm. 1798 de Alberto Martínez Zas, Restaurante O Agro, por comidas co equipo redactor do PXOM no mes de xuño. Importe 72,00 euros.

Factura núm. 231 de Viajes Peillet, SL por viaxes realizados para a 3ª Idade no mes de maio. Importe 406, 60 euros.

Factura núm. 276 de Viajes Peillet, SL por viaxes realizados ao centro médico no mes de maio. Importe 1091,40 euros.





Factura núm. 277 de Viajes Peillet, SL por viaxes realizados para a ludoteca no mes de maio. Importe 299, 60 euros.

Factura núm. 278 de Viajes Peillet, SL por viaxes realizados para a educación de adultos no mes de maio. Importe 428, 00 euros.

Factura núm. 279 de Viajes Peillet, SL por viaxes realizados para as escolas unitarias no mes de maio. Importe 128, 40 euros.

Factura núm. 511 de Carmen Gestoso Parada y Otro, SC, Carlisa, polos aperitivos servidos en xuño. Importe 133, 75 euros.

Factura núm. 16 de O Terrón, por varias compras feitas no mes de xuño. Importe 1.172,74 euros.

Factura núm. 2007170 de Electricidad Cruceiro, SL por reparación de poste e liña de alumado público no mes de xuño. Importe 887, 40 euros.

Factura núm. 837 de Autocares Mougán, SL pola viaxe de fin de curso do CEIP de Ortigueira no mes de maio. Importe 674,10 euros.

Factura núm. 838 de Autocares Mougán, SL pola viaxe realizado para a festa da 3ª idade no mes de maio. Importe 395,90 euros.

Facturas núm. F07/2306, F07/2305 e F07/2307 de Comercial Extintores Galicia, SL por recarga dos extintores na Piscina, ludoteca e Tele centro. Importe 235, 78 euros.

Factura núm. C4/07 de Oficina de Planeamento, SA polos traballos realizados para o PXOM. Importe 2.607,68 euros.


Factura núm. SA0681 de Toldos Gómez, SL por reparación da lona plastificada para tapar a piscina. Importe 17,40 euros.

Factura núm. 270.616 de Artes Gráficas Litonor, SA, por impresións varias para o Memorial Manuel Texo no mes de maio. Importe 1.547,44 euros.

Factura núm. 270.792 de Artes Gráficas Litonor, SA, por impresión do boletín cultural no mes de maio. Importe 124,80 euros.

Factura núm. 270.787 de Artes Gráficas Litonor, SA, por impresións varias para o Concurso de Pesca do Escalo no mes de xuño. Importe 313,20 euros.

Factura núm. 270.783 de Artes Gráficas Litonor, SA, por impresións varias para o Proxecto de Toponimia no mes de maio. Importe 2.818,80 euros.



Factura núm. N7-3743 de Hércules de Ediciones, SL por compra do título Galicia Dereito. Importe 172,00 euros.

Factura núm. K033 de AQUACENIT, SL por material para a piscina municipal. Importe 1067, 21 euros.

Factura núm. 00121 de Manuel Gamallo y Otro, SC por material para a obra do campo da festa de Vilanova. Importe 1.534,62 euros.

Factura núm. 4/07 da Fundación Refuxio de Animais pola cuota anual correspondente ao último trimestre de 2006 e primeiro cuatrimestre de 2007, e catro recollidas realizadas. Importe 4017, 20 euros.

Factura núm. 070011PA00331 de Sociedad Española de Radiodifusión, SA, Cadena SER, polo programa comarcas. Importe 1.740,00 euros.

Factura núm. 091, de Salvador Liste Gómez, Promocomp, por compra de consumibles para a campaña sobre o consumo de alcohol incluído no programa de educación familiar. Importe 431,52 euros.

Factura núm. P07/10669 por anuncio da obra de construción do cemiterio de San Pedro de Sarandón en La Voz de Galicia no mes de maio. Importe 125, 28 euros.

Factura núm. 2007163 de Electricidad Cruceiro, SL por varios traballos realizados no mes de maio. Importe 1.308,29 euros.

Factura núm. 2007164 de Electricidad Cruceiro, SL por varios traballos nos alumeados públicos no mes de maio. Importe 587, 27 euros.


Factura núm. 2007/1715 de SOGAMA, Sociedade Galega do Medio Ambiente, polo tratamento de residuos do concello no mes de maio. Importe 7.339, 54 euros.

Factura núm. 137/07 de Talleres y Repuestos Barco, SL por compras varias para as obras. Importes 46,52 euros.

Factura núm. 0673/07 de GEROSALUD, SLU polo servizo de vixianza da saúde no 1º trimestre de 2007. Importe 666, 87 euros.

Factura núm. E/81 de Castromil, SA polo bono bus correspondente ao mes de maio. Importe 275,80 euros.

Factura núm. 2.007.030 de Topodex Galicia, SL por replanteo das cotas do regato dos muiños na ponte de sarandón. Importe 406,00 euros.





Factura núm. 2.007.029 de Topodex Galicia, SL por levantamento taquimétrico para o proxecto de paso da traída municipal sobre o ferrocarril. Importe 696,00 euros.

Factura núm. 2.007.031 de Topodex Galicia, SL por delimitación do camiño público da concentración parcelaria en Sobredo-San Pedro de Vilanova. Importe 580,00 euros.

Factura núm. 000225 de Droguería-ferretería el Sol, SL, por compras realizadas para o CEIP de Ortigueira-Santa Cruz. Importe 7,50 euros.

Factura núm. 000226 de Droguería-ferretería el Sol, SL, por compras realizadas para o Pavillón de Vedra. Importe 31,20 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

#### **5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xuño do ano que andamos, pola que se ordea a contratación para cubrir o servizo de control e mantemento das instalacións da piscina municipal e atención ós usuarios de dona Olga Iglesias Peiteado.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de xuño do ano que andamos, pola que se ordea a contratación dos aspirantes que obtiveron a maior puntuación nas probas realizadas para cubrir as prazas do Plan de Cooperación.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

#### **6º.- Outros Asuntos**

6.1.- Solicitud de bonificación no IVTM de don José Rendo González

Dáse conta do escrito num. 1.142/07 no que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, expón que é titular dunha motocicleta con matrícula C-24.444, Serie e nº bastidor MB-114497-C , matriculada no ano 1962, polo que solicita a concesión da bonificación na cota tributaria do imposto sobre vehículos de tracción mecánica establecida para os vehículos cunha antigüidade mínima de vinte e cinco anos.

A Xunta de Goberno, á vista da documentación presentada, e de acordo co establecido no artigo 9º.2 da ordenanza fiscal reguladora do citado imposto, acorda concederlle a bonificación do 100% da cota, con efectos do 01/01/2008.

## 6.2.- Solicitudes de atención domiciliaria

### 6.2.a.- Escrito num. 1.215/07 de dona María Villaverde Sánchez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita atención domiciliaria pola prestación de teleasistencia.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle a axuda solicitada.

## 6.3.- Solicitudes de axuda para situacións de emerxencia

### 6.3.a.- Escrito num. 1.214/07 de dona Carmen Cabo Rey

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita axuda para equipamento mobiliario básico e electrodomésticos de primeira necesidade.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle a axuda solicitada por importe de seiscentos doce euros con un céntimos (#612,01#), con cargo ó programa de emerxencia social.

### 6.3.b.- Escrito num. 1.904/06 de don José Luís Sánchez Barreiro

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle a prórroga da axuda concedida a don José Luís Sánchez Barreiro para o ano 2007, é dicir o 70% do coste do servizo durante 44 horas mensuais cun importe mensual de 308 euros, para axuda domiciliaria a través de empresa privada ó realizar o servizo fóra desta localidade.

## 6.4.- Programa de apoio a familias monoparentais

Dáse conta da Orde de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar do 30 de maio de 2007, pola que se establecen as bases que rexen as axudas para a realización de programas de apoio a familias monoparentais, e se procede á súa convocatoria (DOG num. 108/07, do 6 de xuño).

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda.

## 6.4.- Programa de apoio a familias monoparentais

Dáse conta da Orde de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar do 30 de maio de 2007, pola que se establecen as bases que rexen as axudas para a realización de programas de apoio a familias monoparentais, e se procede á súa convocatoria (DOG num. 108/07, do 6 de xuño).

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda.

Conclúe ó fio das cero horas e dez minutos